

Carmen Sobral Lamoso

(POSTEMIRÓN, 1933-2019)

Cando o seu pai foi asasinado, Carmen aínda non cumprira os tres anos. Os fascistas roubáronlle calquera recordo que puidera ter del pero atesoura o que aquela veciña lle dixo un día:

“O meu pai era moi amigo das nenas e tiña unha alegría con el terrible. E eu tamén debía estar moi mimada con el porque me dixo unha señora de Vilaboa: ‘Cando viña a noite ti chorabas: Onde vai meu pai, que non vén papá, que non vén papá! Todos os días facías unha *gritería* terrible’. Decía que eu cando viña a noite... Pero eu diso non me acordo nada. Acórdome só do que dicía esa muller. Que el era moi miniñeiro e que eu choraba moito por el: choraba pero non sabía porqué faltaba”.

Carmen Sobral Lamoso é orfa de Abelardo Sobral Acuña, veciño de Salcedo. A súa nai, Hermosinda Lamoso Arosa, era de Postemirón e alá marcharon vivir despois da voda. Carmen era a primeira nena tras dous varóns. Despois, viría outra pero o seu pai non o chegou a saber porque o mataron dous meses e medio antes de que nacera:

“A miña irmá Luísa, que agora está no Brasil, tiña unhas pernas *torcidiñas* e naceu tan delgadiña... Naceu o 1 de xaneiro de 1937, no seu tempo, pero moi débil, do desgusto e do traballo da miña nai. Madre mía!”.



Abelardo Sobral saíu da casa o 17 de outubro de 1936 para ir traballar e xa non regresou. Nin vivo nin morto. Aínda hoxe a súa familia non sabe con certeza que foi del.

“Daquela ao defunto do meu pai fórono buscar ao traballo. Dixeron que ía dar unha declaración e ao mediodía os obreiros que tiña con el viñéronlle traer a miña nai o aviso de que non lle levará comida, que o levarán e que non viñera de volta”.

Logo souberon que o levarán ao local da Sociedade de Agricultores e Obreiros de Vilaboa, da que el formara parte. Un local reconvertido en cuartel de tortura:

“Un señor de Vilaboa díxome: ‘Cando ao seu pai o levaron, cando o meteron no coche, xa non podía subir coas súas pernas’. Mira que pouco lle puideron pegar”.

Conta a memoria oral de Vilaboa que estaba tan desfigurado que cando o sacaron a rastro do cuartel era imposible recoñecelo, e el berrou: ‘Son Lamoso de Postemirón’, en referencia á casa do seu sogro:

“O defunto do meu avó era Lamoso e era un home moi soado, non por nada porque repartía con todos”.

Enrique Lamoso era un home solidario, que quitou moita fame na contorna. Na semana que levaron o seu xenro, escoitouse por Vilaboa que el tamén estaba no punto de mira:

“Soou que naquela semana quixeron tamén levar o meu avó, pero non o levaron”.

Ao seu pai si, e Carmen ten moi claro o porqué. Sabe que detrás non había unha arroutada dalgún veciño falanxista senón unha vontade clara dos golpistas de acabar con calquera que apoiara o movemento asociativo, coa loita obreira, como fixeran na Sociedade Abelardo, Manolo da Socorra, Eligio Rey e outros moitos canteiros de Vilaboa. Por iso foi que foron por eles:

“O meu pai era canteiro, era mestre de canteiros e mais era da Sindical e pola Sindical foi que o mataron. Porque aquí tamén había falanxistas, pensamos que fora algún pero non... Iso foi porque el era da sindical, socialista da Sindical, e entón, como non querían que as mulleres tiveran esa paga que hai agora e eles loitaron por iso, pois aí viñeron os fundamentos, de aí viñeron a maneira de buscalo a el, porque el era de Salcedo e despois casouse aquí e en cinco ou seis anos que estiveron casados, *mi madre!* Canto traballo fixeron, pobriño!”.

Moito traballaron polos dereitos dos obreiros Abelardo, Eligio, Manolo... E por iso os dous primeiros foron asasinados e Manolo da Socorra pasou ata o final da guerra metido nun oco escavado no cortello, debaixo de onde comía a pucha. Hermosinda tamén intentou que o seu home se agochase, que fuxise do terror, pero el sabía que só fixera ben e pensou que non tiña nada que temer:



“A defunta da miña nai, como o meu pai tiña un irmán que estaba en América e naquela ocasión viña a España, díxolle: ‘Mira, hai esta revolución. E se colleras e tamén marcharas canda o teu irmán para Bos Aires? É o mellor que podías facer’. E díxolle el: ‘Se me prenden hanme de soltar porque eu mal non fixen’”.

Carmen non sabe os nomes de quen o foi buscar. Dixéronlle que eran cívicos de Vilaboa e tamén escoitou que no cuartel había un alemán participando nas torturas. Era Bruno Schweiger:

“O alemán non o foi buscar, só estaba alí para pegar. Os que o foron buscar eran de aquí de Vilaboa. Eran cívicos, pero non sei nomes (...) Cando o foron buscar levárono ao cuarteliño, que despois é onde houbo a escola, onde fun eu á escola...”.

A partir de aí, todo foi silencio. Na casa non se falaba nunca do que pasara mais tampouco se ocultou que o levaran. Pasados uns anos, un 17 de outubro, cando Carmen xa era un pouco maior, Hermosinda explicoulle porqué tivera que chorar o seu pai:

“A defunta da miña nai o día 17 de outubro dicía: ‘Saíu de casa tal día coma hoxe e para non volver’... Esa palabra díxoma a defunta da miña nai pero eu era unha rapaza, ou sería unha *chavala* xa, pero non fixen máis caso desas cousas”.

Pouco máis lle puido contar. Nunca souberon con certeza que fora del tras sacalo do cuartel. Parece que tras torturalo, asasinárono e tiraron o seu cadáver á ría:

“Non se soubo máis del nunca, nunca. Din que se esperaba que o tiraran á ría porque daquela tamén levaran varios de Marín, a dous ou tres de alá. A defunta de mamá levábase moi ben con xente de Marín que tamén pasou as súas porque ía alí vender, pero ela que o mataran nunca o soubo. Empezouse a dicir por aí porque a xente de Vilaboa mirouno... coma ese home que me dixo a min cando o sacaron do cuartel, coma ese mirariano varios porque a casa esa está na estrada, pero nunca soubemos máis nada. A día de hoxe segue desaparecido”.

Tanto Abelardo como Hermosinda eran crentes e ela seguiu sendo sempre. Pero o cura de Vilaboa negouse a facer unha misa por Abelardo cando, pasado o tempo, seguía sen aparecer. Tivo que ir facerlla a Pontevedra.

A Hermosinda deixárona viúva moi nova, con tres nenos pequenos e embarazada de seis meses. Para seguir adiante contou coa axuda do seu pai e tamén da muller coa que este casara tras morrer a súa nai cando ela tiña máis ou menos a idade na que quedou orfo o seu fillo maior: cinco anos. Para Hermosinda, Carmen Álvarez foi como unha verdadeira nai:

“O meu avó era viúvo e despois casou de segundas con outra muller que estaba viúva e non tiña fillos. Esta casa era dela. O avó aínda era novo daquela e foi o que lle axudou a traballar e a facer as cousas, e eu acórdome que os domingos a miña nai ía a Marín levar garavanzos e cousas para vender e sempre nos traía churros. Pois acórdome que sempre, sempre lle daba os churros, a primeira, á madrastra dela. Levábanse moi ben”.



Tamén para os nenos, aínda que lle chamaban tía, foi como unha verdadeira avoa, coidadora e consentidora:

“Criounos a nós porque eu acórdome que os meus irmáns, os máis vellos, que un tiña cinco anos e o outro pois tiña tres ou catro, levábanse pouco tempo... entón pois, ás veces, se os deixaban na casa tiraban con todo fóra o que lles parecera e a defunta da tía, nós chamabámoslle tía, cando viña a defunta de miña nai dicíalle:

-Mira estes rapaces que malos son, fixeron aquilo...

-Ai! Pegáralle cando foi. Vostede péguelle cando lle faga mal porque eu agora a sangue frío non lle pego.

E nós como sabíamos que a tía non nos pegaba facíamos trasnadas... *buenoo!!!*”.

O seu pai era mestre de canteiros e tiña obreiros traballando con el. O seu asasinato agravou a situación da familia que el loitaba por sacar adiante e, aínda que os seus non pasaron fame, traballiños moitos:

“O avó era carreteiro. Daquela non había camións coma hoxe, ían bois carrear e levaban todo á estación, que a defunta de mamá ten ido desde aquí ata Figueirido porque o tren paraba en Figueirido e era onde cargaban... ben, cargar cargaban onde houbera, madeira e esas cousas, e despois levábano ata a estación co carro de bois. O meu avó era un home así, moi forte”.

Pero o que realmente sacou a fame foi o traballo do campo:

“A familia saíu adiante porque a defunta da miña nai tiña moito terreo e traballaba moito. Cantas veces eu acórdome que eramos rapazas e chegabamos á noite e facíamos o caldo co porco e botábamnos calacú e botábamnos verdura e botábamnos patacas e iso a cocer e dicía eu: ‘mimá, agora aínda hai que ir á leña!’ Porque non había leña gardada coma hoxe e daquela tiñamos que ir cortar os ramos... E sen cartos! que daquela non había cartos...”.

Era moito terreo que traballar. Tanto que cando chegou o racionamento a eles non llo daban, precisamente porque tiñan moita terra, e o campo sacaba a fame que daquela parecía inundalo todo:

“Non pasamos fame ningunha, porque tiñamos pan e verduras. Nin fame nin ganas de cousas porque xa non tiñas aquela ilusión. Se tiñas fame collías pan e nada máis. Chocolate ou esas cousas non había. Pero fame non pasamos, grazas a Deus non, porque se pasaba moita daquela... Sabes de Paredes cantos rapaces viñan pedir polos muíños fariña? Un día o defunto do meu avó díxome el: ‘Hoxe xa van vinte e non sei cantas esmolos de pan’”.

Enrique Lamoso foi unha persoa moi solidaria que alimentou moita xente na súa contorna:



“O meu avó daba de comer e viñan nenos, viñan soldados pedir, e xente que viña á leña desde Marín, porque daquela tiñan que vir buscar leña e viñan rapaciños que ao mellor levaban un mazado de leña de pouco, pero o que era viñan. E madrugaban. Ao mellor ás sete da mañá ou así no verán xa andaban os rapaces a coller leña. E viñan coller leña e logo viñan onde o meu avó pedirlle un cachiño de pan de millo, que cociamos cada oito días ou cada quince cando se acababa o pan”.

Ademais o seu avó miraba polos terreos duns parentes que estaban fóra, e a casa baleira foi alugada a unhas mulleres asturianas que viñeran estar preto dos seus familiares, presos en Figueirido:

“A Postemirón viñeron dúas asturianas que quedaban aí nunha casiña vella. Como marchara toda a familia de Bos Aires, e el era o defunto do meu avó o que miraba por todo iso. Viñeron vivir aí para esa casa. Ían a Vilaboa, compraban garavanzos e facíanlle para levar de comer aos presos. Unha tiña a un irmán e a outra tiña o marido”.

Tanto axudaron os de Lamoso á xente que houbo unha meniña, Carmen, que quedou a vivir con eles. Estaba sen pai, tiña tres irmáns e pasaba moita fame:

“Houbo unha rapaza que se criou aquí con nós. Era de Vilaboa, a nai traballaba unhas veigas que temos nós alí e resulta que, sendo aínda ela pequeniña, díxolles a defunta da miña nai:

-A ver quen quere vir comigo para alá que me vindes axudar?

Xa nós estabamos casados e veu para onda nós. Ía vir a máis vella pero despois non quixo e entón dixo outra pequeniña que tiña sete anos -mira que se pasou miseria-, dixo ela:

-Ai! ía eu señora Hermosinda...

-Pero es moi pequeniña! Pero ben, vente se queres.

Veu con nós correndo e nunca máis marchou. Quedou a vivir aquí, casou aquí, porque pasaba moita fame na casa dela. Chámase Carmucha e dicía ela:

-Ai, mi madriña, iamos ao muíño e non che daban nada, cerrábanche a porta. Ías a outro e tampouco... Había un home de Figueirido que tiña unha perna de pau e aquel home enchíanos a bolsa cando iamos. E nós se estaba aquel home, xa iamos.

E era o que comían. Non tiñan leite, non tiñan nada, aquelas papas así...!”.

Para sacar tanta fame era moito o que había que traballar, tanto, que os nenos maiores facían quendas para ir á escola, porque ademais de estudar había que axudar o avó:

“Eu o que digo sempre é que na casa traballamos moito, moito. Mira, meus irmáns ían un día un á escola e outro día outro, para axudar o avó coas cousas da granxa. Pero Sergio non lle sabía chamar nin os bois e ao defunto do meu avó gustábanlle os traballos moi ben feitos e, como Eulogio lle axudaba moito, entón o defunto do



avó quería sempre que o Eulogio quedara; pero non podía ser, claro, porque senón Eulogio non aprendía. Así que un día un, e outro día o outro”.

A pesar de que Carmen creceu baixo o abafante gris do fascismo, onde a verdadeira educación estaba perseguida e onde as mulleres estaban condenadas ao cárcere do fogar, sempre foi á escola. Hermosinda respirara os novos aires da República e quixo deixarlle o legado daquela sociedade agraria que defendía o seu pai, onde Manolo da Socorra ensinaba a ler e a escribir a outros canteiros como eles, conscientes de que loitar contra a ignorancia era loitar contra a desigualdade e o fascismo. Por iso sempre defendeu que as súas nenas tiñan que ser iguais que os seus irmáns maiores e Carmen foi á escola no Toural, entre as catro paredes testemuño das torturas ao seu pai e tamén das súas ideas e soños, no inmoble expropiado á Sociedade Agraria para ser convertido primeiro en cuartel e logo en escola franquista:

“Mi madriña, que carreiras cun saco enriba da cabeza, meu fillo, para ir á escola. Viñamos á unha da tarde e ao mellor chegabamos ás tres porque xa se sabe que os rapaces sós... E non ían moitos que iamos só catro ou cinco (...) Xa sabes o que dicían: ‘Aos que lles fai falta escola é aos homes que ás mulleres non lles fai’. Pero nós fomos. A defunta da miña nai dicía sempre: ‘Tanto lle fai falta a escola aos homes como ás mulleres’. E fomos os catro.”

Iso si, separados por sexos:

“Alí na escola por un lado estaban os homes e por outro as mulleres. Saíamos todos xuntos, pero cada un por un lado. Nós faciamos cousas de nenas e eles... Nós bordabamos, calcetabamos, faciamos, non sei... E eles tiñan un mestre, don Pedro. Dábame unha cobiza tremenda porque unha moza estaba na escola dos rapaces porque don Pedro comía na casa desta rapaza e dábame unha cobiza porque dicía eu: ‘Esta ha de aprender ben e nós non imos aprender’. (...) Dábame cobiza porque me parecía que aquel mestre íalle aprender máis ca mestra. Non porque fora home pero parecíame a min, sabe Deus”.

A mestra de Carmen era dona Victoria Martínez, que tamén fora represaliada. Pasara por prisión, froito da persecución ás e aos ensinantes que fixeron os golpistas para acabar co ensino republicano. E por iso, Carmen librouse de cantar o *Cara al sol* na aula, onde si era obrigatorio rezar. Di que dona Victoria era boa pero a ela parecíalle que xa era maior para ensinalles ben. Iso que ela as lección aprendeunas sempre de marabilla e só unha vez estivo castigada por non saber os planetas:

“Antes dabas as leccións de memoria e eran os astros que acompañaban o sol e eu nunca estiven de xeonllos e ese día estiven de xeonllos. Non souben a lección, confundía porque é Mercurio, Venus, Terra, Marte, Júpiter, Saturno, Urano, Neptuno e Plutón. Pois aquela noite non durmín pero ao día seguinte souben a lección de memoria con Dona Victoria.

Non vaias pensar, non nos castigaba moito. Era boa pero ese día eu confundíame, como son tantos nomes non puña cada un no seu sitio”.



Para que a súa irmá pequena non tivera que ir soa ata o Toural, mandárona á escola ao lado da casa:

“Foi á escola aquí, cun señor que non tiña estudos pero daba clases. El tamén estivera preso, era un home moi coxo, da Graña”.

O maior dos seus irmás, Sergio, aprendeu o oficio do seu pai e fíxose canteiro antes de marchar emigrado ao Brasil. Nunca esqueceu o que lle fixeran a Abelardo e, sendo apenas un neno, ameazaba o xefe dos falanxistas:

“O de Vilaboa, Palmeiro, dicía: ‘Temos que ter coidado porque o rapaz de Lamoso xa me dixo que cando fora maior me ía facer outro tanto’. Palmeiro era falanxista e o neno dicíalle que o ía matar cando fora maior. Daquela tería doce anos ou así”.

Garda a memoria de Vilaboa que tamén o seu irmán, Eulogio, se encarou algunha vez con Palmeiro nalgunha taberna porque, aínda que cren que non estaba na cuadrilla que foi deter a Abelardo, dicía a xente que fora o culpable de que o mataran. A súa filla ten moi claro o porqué, e insiste:

“Foi daquela que houbera os sindicatos e todas esas cousas porque querían melloras para os pobres, que as mulleres tiveran paga e tiveran todo iso, e como os outros non querían entón...”.